



Retos, non ameazas

Monteagudo: "Imos cara a identidades colectivas, flexibles e desterritorializadas"

vén da páx. anterior

que para o secretario do Consello da Cultura vai máis alá do simbólico.

Para Henrique Monteagudo, o galego ten ante si "retos moi difíciles, non ameazas". Para el a historia non está escrita e máis alá das lecturas pesimistas que se dan nalgúns casos, refírese ós avances técnicos como "neutros". "Hai moitos elementos das novas tecnoloxías de grande utilidade para as linguas menores. Internet é unha posibilidade de comunicación barata, e os avances poden ser potencialmente de grande utilidade para linguas como o galego". Respecto disto sinalou que "imos cara a identidades colectivas, flexibles e desterritorializadas. Estamos favorecendo a construción de identidades abertas e flexibles, non tan apegadas a territorios".

O galego

Preguntado sobre o uso e actitudes do alumnado universitario en xeral e de filoloxía en particular sobre o galego, o profesor Monteagudo apunta que "hoxe o galego é máis visible nas aulas da Universidade" que hai algúns anos, anque é posible que entre o estudiantado houbese antes "un sector máis comprometido" coa

A mocidade cada día está máis formada, polo que o alarmismo de que cada vez os alumnos están peor preparados é infundado".

Hai pasos importantes pero faltan liñas claras para producir un cambio de actitudes cara ó galego.

lingua que na actualidade.

E trae a colación o paradoxo de que a apertura da Universidade e o conseguente ingreso de máis galegofalantes coincidiu cunha época de desgaleguización da sociedade.

En relación coa política lingüística, Monteagudo constata que se deron "pasos importantes pero non houbo en Galicia liñas claras e ben orientadas e apoiadas en actuacións prácticas para producir un



Monteagudo Romero, nas instalacións do Consello da Cultura

ANTONIO HERNÁNDEZ

cambio cualitativo e significativo dos usos e das actitudes con respecto ó galego, aínda que cómpre non ser catastrofistas e valoralos avances que houbo coa televisión de Galicia, no ensino primario, no ámbito municipal ou na vida política pública que son moi importantes".

Respecto das axudas á lingua, sinala que as políticas "afirmativas"

son "democráticas" e que tamén as practican outros países.

Formación

Con respecto á menor formación e maior desinterese das xeracións máis novas o profesor da USC apunta que "a mocidade de agora vén máis preparada, polo que o alarmismo de que cada vez os alumnos es-

tán peor formados é infundado". "O desafío é que a apertura do sistema educativo non redunde nunha caída da calidade do ensino", continúa, e comenta como dato ilustrativo que Murguía no prólogo de *Os Precusores* tamén se queixa dos problemas da mocidade de agora, á que achaca peor formación, menor idealismo e maior desinterese.

Encontros do Seminario de Educación para a Paz

SANTIAGO
C.d.U.

O Seminario Galego de Educación para a Paz abriu xa o prazo de inscrición para os Encontros de Educación para a Paz, dedicados nesta edición á 'Conflictividade e convivencia escolar'. Trátase dunhas xornadas formativas de trinta horas de duración que serán validadas por un crédito de libre configuración.

Os encontros, que se desenvolverán entre o 29 de marzo e o 1 de abril, inclúen relatorios e mesas redondas sobre violencia, conflictividade e convivencia escolar; unha temática que se abordará dende unha perspectiva xeral e a través do caso particular de Galicia.

Os participantes nas xornadas serán: Miguel Anxo Santos, catedrático de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Málaga; Javier Ramírez, presidente da Confaca; Ángel González, vicepresidente do Consello Escolar de Galicia; Xosé Armas, mestre, pedagogo e membro do equipo do ICE da Universidade de Santiago; Xosé Manuel Dios, presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz; Javier Elzo, catedrático de Socioloxía da Universidade de Deusto; José Luis Carbonell, coordinador do programa 'Convivir é vivir', da delegación provincial de Educación da Comunidade de Madrid; José Antonio Marina, filósofo e membro do ICE da Universidade Autónoma madrileña; Jesús Viñas, inspector de Educación da Generalitat de Catalunya; Xoán Emilio Fresco, pedagogo e orientador escolar; Lourdes Maceiras, médica e profesora de Saúde Pública na Escola de Fisioterapia de Pontevedra, e Ramón Sánchez, catedrático de Filosofía na USC.

Como actividades paralelas inclúen unha exposición -'15 anos de Educación e Cultura e Paz en Galicia'-; dúas representacións de teatro infantil, a cargo de alumnos de primaria, e catro obradoiros.

A USC dedicou no 2000 4.358 millóns a I+D

SANTIAGO
C.d.U.

A Universidade de Santiago dedicou durante o pasado ano 4.358 millóns de pesetas a actividades de Investigación e Desenvolvemento, a maior parte desta cifra procedente de recursos externos á institución, 3.770 millóns. Ademais, durante o ano 2000 desenvolverá un total de 588 actividades de I+D, fronte ás 470 do ano 99. Estes datos foron presentados nun acto no que participaron, entre outros, o rec-

tor da USC, Darío Villanueva Prieto e mailo vicerrector de Investigación, Xosé Ramón Leis Fidalgo.

As actividades de impacto socioeconómico (aquelas actividades de I+D realizadas coa implicación de empresas) desenvolvidas pola USC nos últimos 3 anos realizáronse en cooperación con 620 empresas. O 64,6 por cento destes contratos realizáronse co contorno empresarial, na súa maior parte empresas de orixe galega (39,4%), seguidas de empresas na-

cionais (24,2). A porcentaxe restante de contratos realizouse coa administración autonómica (35,2%) e nacional (1,3%).

Polo que respecta á área de aplicación socio-económica a de Farmacoquímica e Tecnoloxía Farmacéutica captou o 18 por cento dos contratos, seguida da de Medio Ambiente (14%), Xestión do Patrimonio Histórico (13%), Tecnoloxías da Información e Comunicacións (11%) e Economía e Estudos Sociais (10 por cento).



Darío Villanueva Prieto, rector da USC

CORREO